

## Manuel Rivas e Escritores en Lingua Galega pídenlle a Ferrín que siga na Real Academia

Por [Redacción Galicia](#) el 27 febrero, 2013 en [Análisis](#), [Cultura](#), [Sociedad](#) · [0 Comentarios](#)

### Autor

Redacción  
Galicia

### Análisis de Mundiario

O escritor Manuel Rivas e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) pídenlle a Xosé Luis Méndez Ferrín que siga nas súas funcións e non abandone a Real Academia Galega. Concretamente, a asociación presidida polo poeta Cesáreo Sánchez Iglesias "respectando as súas decisións persoais" installe, tanto a el como a todos os membros da RAG a pensar "no papel histórico que ten a Academia e que ten que seguir a desenvolver". Para a entidade que agrupa aos escritores e escritoras en galego, a marcha de Méndez Ferrín significaría "un empobrecemento na pluralidade que é necesario teña a RAG". A AELG fai por iso un chamamento para que os problemas da Academia "sexan resoltos dentro dos organismos da Academia dialogando, para manter a súa independencia na defensa da nosa cultura e do noso idioma".

Desde a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega coidan que a sociedade precisa dunha RAG "que sexa lugar de confluencia e símbolo público de prestixio social e cultural". Para a AELG, a situación do idioma "non permite ter unha Academia en conflito interno e proxectando unha imaxe pública de descrédito".

O escritor Manuel Rivas, pola súa banda, pídelo a Méndez Ferrín que esgote o seu mandato na Real Academia Galega.